



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 798 Semana do 10 ao 16 de setembro de 2018

OS SALARIOS PERDEN PODER DE COMPRA E CRECEN PREZOS E BENEFICIOS

Redacción.- Esta semana publicáronse os datos do IPC correspondentes ao mes de agosto, que recollen unha subida mensual de 0,1% respecto ao mes de xullo, oito décimas por encima da de xullo e unha décima menos que en agosto de 2017. A taxa interanual queda en 2,2%, igual que no mes de xullo. A subida mensual débese en especial aos prezos da electricidade, que continúan a súa evolución ascendente.

Deste xeito, a variación acumulada ata agosto sitúase en 0,6%, fronte ao -0,5% que se recollía en agosto de 2017, un punto e unha décima por encima da variación acumulada ata agosto do ano pasado.

A taxa subxacente (sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) sitúase en 0,8%, o que supón unha décima menos que no mes anterior e 1,4 puntos menos que a taxa anual xeral.

Con respecto ao IPC harmonizado, a taxa anual sitúase no 2,2%, baixando unha décima respecto de xullo, e permanece dúas décimas por encima da media da eurozona. A variación mensual do IPCA foi do 0,1%.

Os traballadores pagaron o prezo da crise con perdas de emprego, de dereitos laborais e unha profunda desvalorización salarial, e ven abocados a profundar na perda de poder adquisitivo tamén a través da continua evolución desbocada dos prezos da electricidade.

Oligopolio eléctrico

Desta maneira aumenta a poboación vulnerable, mentres o oligopolio eléctrico incrementa a súa rendibilidade á conta dos consumidores e as grandes eléctricas prevén subidas crecentes dos seus beneficios nos próximos anos.

Máis aló das explicacións que a ministra dea na súa comparecencia parla



mentaria do próximo 19 de setembro, resulta evidente que a formación de prezos da electricidade en España necesita unha modificación na súa regulación. A electricidade é un ben de primeira necesidade e non se pode permitir que rexistre subidas continuas, sen suxestión a criterios de ningún tipo.

Por outra banda, o INE publicou o Índice do Custo Laboral Harmonizado (ICLA) correspondente ao segundo trimestre do ano, volvendo reflectir unha realidade moi preocupante: os salarios seguen sen crecer e perdendo poder de compra.

Segundo esta estatística, os custos laborais por hora efectivamente traballada no segundo trimestre do ano, unha vez corrixidos das variacións estacionais e de calendario (que distorsionan as comparacións), aumentaron tan só un 0,9% respecto do mesmo trimestre do ano anterior, e os custos estritamente salariais fixérono un 0,8%. Iso supón dous e tres décimas menos que no trimestre anterior.

E na negociación colectiva, ata o mes de agosto, a subida salarial media dos convenios sitúase no 1,65% para 7.526.712 traballadores.

Mentres, o IPC segue crescendo a un ritmo maior, o que está a provocar unha perda de poder de compra. Con estes datos, a evolución do poder adquisitivo dos asalariados empeora mes a mes en 2018, a pesar de que a nosa economía atópase en plena fase expansiva e as

empresas están a obter beneficios moi elevados.

A evolución dos prezos e dos salarios reflicte a necesidade urxente de aplicar as medidas contidas no pacto salarial do AENC. En momentos de crecemento económico non ten sentido que os salarios continúen perdendo poder adquisitivo e que o emprego creado alcance as maiores cotas de precariedade.

Precarización do emprego

A reforma laboral supuxo a perda de dereitos laborais e a precarización do emprego, deixando o mercado laboral nunha situación de debilidade que, ademais de ser sumamente inxusta para os traballadores, resulta perigosa para a sustentabilidade do crecemento económico. Por iso, é urxente actuar na reversión das medidas máis agresivas da reforma laboral e actuar de maneira decidida e contundente na mellora da calidade do emprego.

Unha parte importante da precarización do emprego está baseada no uso abusivo e fraudulento da contratación temporal e a tempo parcial e na permisividade oficial ante abusos nas condicións de traballo, que entre outras cousas está a provocar un incremento da sinistralidade no traballo. Por iso, ademais de actuar na recuperación da causalidade na contratación e na mellora de dereitos laborais, é necesario reforzar os mecanis-

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

mos, medios e recursos para controlar a legalidade no funcionamento do mercado laboral.

En plena recuperación, e mentres aumentan os accidentes laborais debido á precariedade, non pode ser que os recursos humanos destinados a Inspección continúen reducíndose.

E, ademais de actuar con medidas legais e de control para a redución da precariedade e a mellora da calidade do emprego, é preciso incrementar os salarios, cuxos niveis son tamén reflexo do incremento da precariedade laboral provocado pola reforma laboral.

E aínda que só fora por unha cuestión de lealdade, os empresarios están obrigados a cumprir cos termos recollidos no

AENC. Trátase de reducir a desigualdade xerada durante os anos de desvalorización salarial e de reducir a pobreza laboral, que aumentaron en España de maneira destacada entre os países da nosa contorna. Un soldo de 1.000 euros é unha reivindicación moi moderada, que non pon en perigo nada, senón máis ben ao contrario, colaborará co sostemento do crecemento económico.

Ademais, as rendas públicas tamén deben actualizarse, así como débense reverter os recortes de servizos públicos esenciais. E para iso, é fundamental actuar pola vía do incremento dos ingresos públicos e hai marxe dabondo, xa que a diferenza respecto da zona euro é de oito puntos sobre o PIB.

Cambio de modelo produtivo

UGT leva moitos anos insistindo na

necesidade de modificar o modelo produtivo, sen que os gobernos actúasen respecto diso. Aínda estamos a tempo. Hai que aproveitar o período de crecemento para este cambio. A economía española non pode depender da volatilidade do turismo de masas, cuxa evolución favorable estivo moi suxeita a circunstancias xeopolíticas, e que está a dar mostras de esgotamento, ao recuperarse destinos turísticos como Turquía, Grecia e o Norte de África.

Hai que dedicar atención ao fortalecemento da estrutura económica, cun decidido impulso aos sectores industriais, cun incremento do esforzo en I+D, que nos permita pasar a un modelo baseado nunha industria de alto valor engadido en sectores sustentables económica, social e medioambientalmente, que xeren máis empregos e de mellor calidade en sectores de alto valor engadido.

XA ABONDA DE ILEGALIDADES EN SARGADELOS

Redacción.- A Federación de Industria, Construción e Agro de UGT mostra o seu rexeitamento a actitude que o administrador único de Sargadelos mantivo na última reunión celebrada no Consello Galego de Relacións Laborais para intentar normalizar as relacións laborais na fábrica de Cervo.

Nesta xuntanza, o accionista maioritario de Sargadelos o único que pretendeu foi que tanto a UGT como a propia Xunta aceptaran propostas á marxe da lei, ca única intención de vulnerar os dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores de Sargadelos e, en especial, da delegada de UGT na que centra toda a súa ira por ser esta a única traballadora e delegada de persoal que defende os dereitos colectivos das súas compañeiras e compañeiros.

262 requerimentos da Inspección de Traballo

Non deixa de ser sorprendente que nun centro de traballo, con 262 requirimentos da Inspección de Traballo, se lle permita ao seu máximo accionista seguir campando ao seu “libre albedrío” e actuando á marxe da lei sen que nada ocorra. Neste caso entendemos que a Administración ten algo que dicir e actuar en consecuencia, ou só está para dar

subvencións a empresas con este modelo de xestión cavernaria?.

Mentres tanto, as medidas de seguridade deterioráranse, os permisos por paternidade non se comprenden e todo isto ocorre nunha empresa que o insigne Isaac Díaz Pardo fixo punta de lanza, emblema e referente da cultura galega e do galeguismo.

A dignidade e a coherencia non están en venda

Alguén no seu sano xuízo pode crer que os problemas de Sargadelos son orixinados por unha traballadora e delegada de UGT que o único que fai é traballar e defender ao resto de compañeiras e compañeiros? O problema de Sargadelos é ter ao fronte da súa dirección a unha persoa que ten como obxectivo facer do machismo, a vexación e os malos modos o modelo laboral encamiñado ao



sometemento e opresión das traballadoras e traballadores que coas súas mans fan un traballo que foi o eido fundacional de Sargadelos.

O autodenominado “patrón” debe saber que a dignidade e coherencia de Rogelia Mariña non están en venda e a acción sindical de UGT en Sargadelos, en defensa das traballadoras e traballadores, e a aposta pola viabilidade de Sargadelos tampouco. É por iso que utilizaremos todos os medios legais, xudiciais e sindicais ao noso alcance. Tamén nos preguntamos se o resto de actores deste conflito van seguir de perfil mentres o “patrón” utiliza ás traballadoras como reféns para a práctica do seu despotismo.

ACTO HOMENAXE NA CORUÑA AO QUE FORA SECRETARIO XERAL DA FEDERACIÓN DE TRANSPORTES DE UGT, CARLOS ÁLVAREZ

Redacción.-

FeSMC-Coruña organizou este mércores na Casa do Mar de A Coruña un acto homenaxe como recoñecemento póstumo da Federación á labor sindical de Carlos Álvarez.

Máis de cen compañeiros/as

No acto participaron máis de cen compañeiros/as da UGT e interviñeron os secretarios xerais de UGT-Coruña-Cee, de FeSMC-Galicia, FeSMC e de UGT-Galicia, así como, varios compañeiros do sector do Mar do Sindicato.



Valía sindical, xenerosidade, coherencia e compromiso

Nas súas intervencións todos coincidiron en destacar a valía sindical de Carlos Álvarez, o seu traballo na Organización, a súa xenerosidade, a súa coherencia e compromiso na defensa dos intereses dos traballadores e das traballadoras.

Traxectoria sindical

Carlos comezou a súa traxectoria sindical no ano 1982, sendo elixido presidente do Comité de empresa de Auxinave. No ano 1988 liderou unha folga de 3 meses no Canal de Suez convocada pola falta de respecto á voluntariedade dos traballadores para entrar en zona de guerra. UGT conseguiu un fito histórico cunha sentenza na cal os despedimentos foron declarados "radicalmente" nulos.

No ano 1992 Carlos foi elixido secretario xeral da Federación de Transportes e Telecomunicacións de UGT-A Coruña. No ano 1997 foi elixido o primeiro secretario xeral de TCM-UGT-Galicia. Xa no 2008 xubílose como capitán na Naviera Tapias.

A Carlos, capitán de soños e de mares

*Cando navegue-los mares
con singladuras sen fin,
cando nas noites escuras
soños mencies de luz,
cando outees hourizontes
alén dos rumbos mariños
cara cen mil utopías,
compañeiro-amigo Carlos,
lémbrete de todos nós.
A ti guiarante estrelas,
daranche rumbo as
bitácoras,
serás amigo de lúas
e aloumiñarante os mares.
Fálalle ós ventos mareiros
das loitas de terra firme,
das tempestades que
azoutan arreo nos corazóns.*

*Dille ás gaivotas que fuxan
de emblemas que non son*

*nidios,
de bandeiras de ladróns,
cántalle ó ceo os teus cantos
e dalle un bico ás sereas.
Leva a ilusión que nos
dechis
desde babor a estribor,
fai a mellor singladura
e cando a porto recales
lémbrete, Carlos amigo,
que a túa segura áncora
serémola todos nós.*

*Santiago, 17 de xaneiro de
1997*

*V Comité Nacional Ordinario
UGT Galicia*

Xosé Manuel Pose Mesura

FE SP-UGT, NO INICIO DO CURSO ESCOLAR, INSTA Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN A QUE RESTITÚA OS DEREITOS PERDIDOS DO PROFESORADO GALEGO

Redacción.- A Xunta, segundo os Orzamentos de 2018, o orzamento previsto para educación para Galicia medra no 2%, pero este incremento segue sendo totalmente insuficiente para compensar os fortes recortes de 2008. A FeSP-UGT lamenta esta política restritiva da Xunta de Galicia que volve a deixar entrever a pouca importancia que lle dá ao ensino público e demanda que nos orzamentos de 2019 se rectifique e reverta dita situación.

Como cada comezo de curso escolar cómpre lamentar a supresión de centros educativos. Neste caso trátase de 2 escolas de educación infantil: EEI de Apeadeiro (Cambre- A Coruña) e a EEI de Solbeira (Paderne de Allariz-Ourense). Co peche destas escolas seguemos a vivir o abandono do rural na nosa CCAA. O curso anterior, as liñas de transporte escolar comezaron a convivir co transporte ordinario, por aforrar uns cartos, considerándoa unha medida potencialmente perigosa que atenta contra o sentido común e que FeSP-UGT rexeita rotundamente. Dar a "autoridade" aos monitores e condutores para vetar a subida aos autobuses ou ter que recorrer á Garda Civil para evitar que non haxa problemas son dislates, ademais do recoñecemento implícito de que tal medida é conflitiva.

A Consellería, pola súa parte, segue sen conceder ningún tipo de recoñecemento ás persoas que dirixen as escolas rurais de menos de 3 unidades (chamadas responsables de centro). Estes profesionais teñen que tramitar a mesma documentación e burocracia que un centro grande, coa salvedade de que ese traballo nin sequera lle é recoñecido no Concurso Xeral de Traslados. Estes trastornos provocan un grao elevado de inestabilidade no ensino público no rural galego e un agravio comparativo entre a calidade do ensino nas cidades e nas escolas rurais que completan o seu cadro de persoal con profesorado itinerante ou que imparte materias afíns, mermando así a calidade do ensino no rural.

FeSP-UGT, con data de 29 de xuño de 2017, solicitou á Consellería que se creara unha mesa técnica para crear un Mapa de Centros co fin de levar a cabo unha planificación negociada da creación ou supresión de centros educativos ou unidades de ensinanza, que responda a uns criterios obxectivos e transparentes, e na que teñan cabida representantes de todos os sectores da comunidade educativa. Non recibimos resposta a pesar de reiterar a demanda en

múltiples mesas sectoriais.

Como ocorre no ensino público, no ensino concertado estase a producir unha perda continuada de unidades en centros en crise e un incremento de unidades novos. No ensino público o profesor definitivo non perde o seu posto de traballo, é trasladado (pero redunda na redución de profesorado interino); no privado, por contra, se despide a uns nos centros en crise e se contrata a outros nos centros que incrementan unidades.

Ata o ano 2009 a Administración, en base a un acordo de mantemento de emprego (AME) facilitaba o transvase de profesores duns centros a outros o que favoreceu a recolocación de máis de 600 docentes. A FeSP-UGT esixe a restitución deste acordo.

Acordo para a mellora do emprego público

O 29 de marzo de 2017 asinouse un Acordo para a Mellora de Emprego entre Goberno e Sindicatos coa fin de reducir a temporalidade ao 90%. Este acordo afecta ao conxunto das Administracións Públicas e implica un desenvolvemento, concreción e negociación que debe se leva a cabo nas Mesas de negociación. Este acordo concretouse en Galicia para o ensino coa intención de reducir a taxa de interinidad ao 6%.

A sinatura deste acordo contribuíu a diminuír a porcentaxe de traballadores do ensino público (interinos e substitutos) en máis dun 60 % dotando ás plantillas galegas de estabilidade e experiencia. Non obstante, este sistema non é excluínte para profesores que se presentan sen ter méritos por tempo traballado na Consellería, tal e como se observa na estadística.

Este acordo debe servir para que os servizos públicos "prioritarios" non vexan diminuír os seus cadros de persoal, habilitando ás Administracións Públicas con competencias educativas para anticipar á posible aprobación da Lei de Presupostos unha lei de emprego público específica para o persoal docente non universitario, acompasándoa ao ano escolar.

Este curso creáronse máis de 1-600 prazas novas pero son insuficientes para recuperar a perda dos máis de 3.000 postos de traballo que se perderon no ensino pú-

blico nos últimos anos; polo que a FeSP-UGT seguirá reclamando unha xenerosa oferta de emprego público para este curso nas vindeiras mesas de negociación.

Por outra banda, a FeSP-UGT quere denunciar a gran cantidade de prazas desertas: Un 16% das prazas convocadas nas oposicións deste ano quedaron sen cubrir, fundamentalmente as de promoción interna e certas especialidades de Secundaria e de FP. Aínda descontando as 262 prazas de promoción interna, un total de 73 prazas de ingreso á función pública non foron cubertas (un 5%), e o destacable é que non foi porque non houbera aspirantes. Esta organización esixe á consellería que faga unha boa xestión do vindeiro proceso selectivo para evitar que se reitere esta situación e outras disfuncións como os exames mal redactados ou espazos non adecuados para levar a cabo o proceso selectivo.

Recuperación do poder adquisitivo

Desde 2010, como consecuencia da crise económica e de distintas leis que trataron de solucionar os problemas económicos do país, realizáronse diversos recortes nos salarios dos docentes superiores ao 12% sen ter en conta a perda de poder adquisitivo debido ao incremento do IPC que situaría a perda ao redor dun 30%.

A FeSP-UGT viña demandando desde hai anos un acordo de homologación salarial para o profesorado galego que finalmente tivo sinatura o 18 de xullo e que se suma ao acordo asinado no estado por esta organización sindical. Este acordo non restitúe todo o perdido pero homologa ao profesorado galego co resto de comunidades autónomas cunha subida, de aquí a xaneiro de 2021 de 1.260 euros. Este acordo aporta unha cláusula de revisión anual que permite a modificación do acordo en caso de que exista unha deshomologación salarial con respecto ao resto de CCAA.

O Acordo estatal de 9 de marzo de 2018 no ámbito educativo incorpora os seguintes incrementos (entre 6,12 e 7,97% sen contar os fondos adicionais):

- 2008: Suba de 1,75%
- 2019: Entre 2,25 e 2,50%

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

- 2020: Entre 2 e 3% + 0,55%

A suma dos dous acordos en xaneiro de 2019 suporá o incremento mensual entre 119 € e 172 € en función dos corpos e da antigüidade; que seguirá incrementando en 2020 e 2021 nas anteriores porcentaxes.

E mentres isto pasaba no ensino público, ao profesorado do ensino concertado, no ano 2012 elimináronlle o 4,5% do salario base e se mantivo ese recorte ata 2016. Isto supuxo unha perda de poder adquisitivo, ao longo de todo este tempo, equivalente ao salario de todo un ano. A este recorte engádeselle que o goberno de Feijóo eliminou os 45 € de incremento salarial en concepto de analoxía salarial co profesorado do ensino público, afondando aínda máis as diferenzas salariais. Con elo a propia administración pública, que debe ser garante da non discriminación, paga a polo mesmo traballo salarios moi distintos rompendo así o dereito básico de igual traballo, igual salario.

A UGT é unha organización plural e que tenta responder ás demandas e dereitos de todos os traballadores. Isto pode observarse claramente na sinatura deste acordo que inclúe a todos os colectivos de profesorado galego dun xeito lineal; polo que afecta ao ensino público e ao ensino concertado. Aínda así, seguimos loitando pola recuperación de todos os cartos perdidos e a restitución dos acordos suspendidos na época da crise.

Restitución dos acordos suspendidos

No ensino público segue o incremento de rateo do alumnado e o incremento de horas lectivas. Non hai perspectivas de negociación para volver ao acordado previamente pero esta OOSS esíxeo en todas as reunións coa Administración; xa que o acordo asinado co Estado dá vía libre ás administracións autonómicas a recuperar estes acordos; algo que xa se está levando a cabo noutras CCAA. Na mesma liña de restitución dos dereitos perdidos seguimos esixindo a non eliminación dos descontos por Incapacidade temporal.

No ensino concertado desde 2009 non hai Acordo de Mantemento de Emprego e desde 2010 non hai Acordo para o aboamento da Paga Extraordinaria de Antigüi-

dade na empresa. A nivel de todo o Estado esta é a única comunidade que non cobra a PEA dende fai 8 anos. Esiximos a restitución destes acordos.

Reorganización do calendario escolar

FeSP-UGT leva uns anos propoñendo que se leve a cabo unha racionalización do calendario escolar de xeito que se reorganice o mesmo en base ás necesidades de descanso do alumnado atendendo a un criterio pedagóxico. Este curso escolar é plausible este desfase entre trimestres (175 días lectivos: 1ª avaliación: 69; 2ª avaliación: 66; 3ª avaliación: 42) e instamos á Consellería de Educación a que abra o debate para chegar a un acordo na reorganización dos períodos lectivos co obxectivo de que tanto o alumnado como o profesorado teña uns



períodos de traballo equilibrados en número de días lectivos e atendendo ao criterio de favorecer a conciliación familiar.

Afíns

A esta organización preocúpalle a situación de provisionalidade do profesorado galego e a pouca estabilidade das plantillas dos centros, véndose afectados por esta provisionalidade e polo complemento horario mediante materias afíns e itinerancias, o que merma a calidade do ensino.

Se ben é certo que conseguimos, co esforzo de todos, reducir a taxa de provisionalidade co último concurso de traslados; aínda queda moito po facer. A FeSP-UGT solicitou, na última mesa sectorial, a creación dunha mesa técnica que estude as vacantes para Concurso Xeral de Traslados conseguindo o compromiso da Administración de levala a cabo, para poder reducir esta taxa de provisionalidade.

Aínda que esta OOSS conseguiu que o curso pasado, grazas á recollida de sinaturas e á implicación do profesorado galego, limitáranse os perfís da impartición das afíns a dúas por praza seguimos considerando a medida como insuficiente e este curso vol-

veremos a traballar para intentar que a impartición destas materias se regule máis profundamente; xa que seguimos a ver vacantes con afíns de perfís moi dispares. Feito que non fai máis que reducir a calidade do ensino. A modo de exemplo:

- Unha vacante de latín con afín EF e lingua e literatura galega (EPAPU Berbés-Vigo),

- Ou outra de Tecnoloxía con afíns debuxo e música (CPI Tomás Terrón Mendaña)

O ensino universitario en crise

Comezamos un novo curso académico cos mesmos problemas que o pasado, onde destaca a taxa de reposición e o tope na masa salarial que unido a unha escasa

financiación deixa ás Universidades galegas nun estado de auténtica precariedade.

A taxa de reposición fai que existan profes-

sores aos que lles finaliza o contrato de Axudante Doutor, que por convenio colectivo ten dereito á estabilización nunha figura ben con contrato indefinido (contratado Doutor) ou unha funcional (titular da universidade), e que teñan que recurrirse a contratos basura, algún cunhas nóminas inferiores ao soldo base, para que non perdan a vinculación coa Universidade.

O tope na masa salarial é o que realmente afunde ás Universidades na precariedade laboral e as coloca nunha situación moi complicada á hora do crecemento e renovación do profesorado e PAS, deixando plantillas excesivamente envellecidas. Esta situación condiciona tamén a calidade do ensino xa que nun gran número de facultades falta profesorado debidamente formado para impartir as clases. Grupos de alumnos numerosos, que no se parece en nada ás directrices de Bolonia nin a calquera país da Unión Europea

Por último e como chave de todo é a escasa financiación que impide a modernización das instalacións, adecuación das infraestructuras e un envellecemento con deterioros importantes dos centros, que por

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

falta de fondos teñen que aprazar o seu arranxo. Isto inflúe dentro do ámbito laboral nunha perda importante das condicións de traballo.

Desde UGT queremos facer un chamamento á Xunta de Galicia para que deixe de lado esa política cicatera e restritiva que está impedindo o crecemento das Univer-

sidades Galegas e demandamos:

- Un incremento na financiación que se basee nun estudo serio e pormenorizado das necesidades estruturais de cada unha das Universidades Galegas.

- A creación dunha plantilla de investigación das Universidades, cunha financiación estable e suficiente.

- A creación dunha figura de profesorado laboral non doutor cunha duración definida, que permita en aquelas titulacións cunha empregabilidade alta, que se poida ter profesorado formado de recambio para cubrir as xubilacións e non ter que recorrer a profesores asociados que teñen moi pouca vinculación coa Universidade.

- Uns módulos de docencia similares aos europeos.

CONTINÚA A FOLGA E AS MOBILIZACIÓNS NO SERVIZO DA ORA EN VIGO



Redacción.- A folga no servizo da ORA en Vigo continúa, xa que a día de hoxe os oito traballadores despedidos continúan na mesma situación sen que a empresa adjudicataria do servizo, Dornier, pareza ter a máis mínima intención de resolver o con-

flito.

Ante esta situación, este mércores, día 12, tivo lugar unha concentración, convocada por FeSMC-Pontevedra, fronte ao Concello de Vigo para esixir que se lle de unha solu-

ción inmediata a toda esta situación.

Os traballadores, no transcurso desta concentración, demandaron unha entrevista co alcalde de Vigo e intentaron entrar no Concello pero os efectivos da policía local o impediron.

UGT INSTA AO GOBERNO A SER CONTUNDENTE PARA EVITAR AS CONTINUAS SUBIDAS DO PREZO DA LUZ E AMPLIAR O BONO SOCIAL PARA EVITAR A POBREZA ENERXÉTICA

Redacción.- A subida do prezo da luz, que esta semana volveu marcar un novo máximo anual, apenas unha semana despois do último récord, é un elemento escandaloso e insustentable, que require actuar, dunha maneira inmediata, en mellorar a transparencia e a regulación do sector eléctrico. Un oligopolio que non para de cultivar beneficios á conta do peto dos cidadáns e que prevé seguir facéndoo.

Neste sentido, e en espera da comparecencia o vindeiro mércores, no Congreso dos Deputados, da ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, UGT insta ao Goberno a solucionar este problema continuo e crecente que afecta, sobre todo, aos sectores da poboación máis vulnerables.

O sindicato insiste nas súas propostas, como reducir a fiscalidade da electricidade,



igual que doutras subministracións básicas, e aplicar un IVE súper reducido, por ser considerado un servizo esencial para a cidadanía. Demanda ampliar o bono social e facelo máis inclusivo, pois o actual é claramente insuficiente para evitar os cortes de subministración en casos de pobreza extrema. Así mesmo, pide modificar a actual regulación facéndoa máis transparente e

eficaz.

En definitiva, trátase de primar o interese xeral sobre o interese privado e que o sector eléctrico cumpra as súas obrigacións para coa sociedade. Non hai que esquecer que a electricidade é un ben de primeira necesidade e non se debe especular con el.

PRESTIXIAR A FP, CLAVE PARA O FUTURO

Redacción. - O Goberno presentou esta semana aos interlocutores sociais o Plan estratéxico de Formación Profesional nunha reunión na que participaron o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, a ministra de Educación e Formación Profesional, Isabel Celaá, os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Unai Sordo, e os presidentes de CEOE e CEPYME, Juan Rosell e Antonio Garamendi.

Ao termo da reunión Pepe Álvarez manifestou que o plan do Goberno ten como obxectivo situar a FP no noso país como o elemento clave de futuro para o sistema produtivo. “Estamos no inicio do debate –sinalou Álvarez- pero o diálogo non pode supoñer a eternidade, e nós non queremos que isto se eternice. Haberá que facer un desenvolvemento gradual, incorporando prioritariamente aos sectores onde hai menos desenvolvemento do sistema de formación profesional. Hai que tomar a FP como elemento fundamental do sistema produtivo e de mellora da calidade do emprego”.

Prestixiar a FP

O secretario xeral de UGT considera necesario prestixiar a FP, “que en moitos casos significa dala a coñecer, facilitar ás familias a toma de decisións cando se trata de orientar a formación dos máis novos. Temos que ter a seguridade de que optar pola FP é unha boa opción e en ningún caso pode impedir que despois teña un desenvolvemento universitario”.

Tras a reunión, o Goberno convocará ás CCAA, para concluír o proceso este mesmo ano. Álvarez considera que este proceso debe facerse con garantías e o acordo ten que sumar ás CCAA: “prefiro que algunha poida quedar excluída voluntariamente a que o debate sexa competencial. As competencias levaronnos a certas incompetencias. Pero este proxecto ten que contar voluntariamente coa participación e integración das CCAA”, e ir poñendo cousas en marcha segundo se vaian acordando.

Contrato e salario

“Á negociación – declarou Pepe Álvarez- hai que ir coa mente aberta pero a nosa posición é que as prácticas de FP dual leven contrato de traballo e remuneración económica, así como participación dos comités de empresa no seguimento e tutoría”. Para UGT, o contrato de traballo e as cotizacións sociais correspondentes son os instrumentos de garan-



tía para os dereitos das persoas traballadoras.

O Sindicato defende, ademais:

- A implantación da FP dual na empresa con acordos específicos na negociación colectiva

- Deseñar un sistema de FP dual único, tendo en conta as competencias das CCAA pero baixo o paraguas dunha normativa básica común e cun órgano único de xestión, seguimento e avaliación da súa implementación a través de mecanismos efectivos de coordinación administrativa.

- A FP dual non debe reducirse á realización de prácticas na empresa, senón a un sistema de aprendizaxe no centro de traballo no que as empresas deben ter capacidade para formar e asumir a responsabilidade sobre o alumno traballador.

- Financiamento suficiente, mediante achegas das administracións públicas e das propias empresas.

- O modelo de concertación establecido polas organizacións patronais e sindicais no marco da negociación colectiva sectorial é para UGT o máis idóneo para definir os diferentes modelos de aprendizaxe que se adecúen a cada empresa e onde os sectores poidan manifestar as súas necesidades formativas.

- Finalmente, facilitar a implantación dun modelo de formación nos ensinos universitarios que poida acoutar, a transición dos titulados universitarios ao mercado de traballo.

Diferenzas coa nosa contorna

A taxa de titulados de FP en España era do 30,4% en 2015, moi por baixo da media da OCDE (44,2%) e da UE 22 (48,9%). É unha tendencia que se mantén estable xa que un 47% da poboación española entre os 15 e 19 anos está matriculada na segunda etapa de educación secundaria (bacharelato), moi por encima da media da OCDE (36%) e da UE 22 (35%); pola contra, a porcentaxe de poboación matriculada na segunda etapa de Educación Secundaria con orientación profesional é de tan só o 12% no noso país, fronte ao 26% da media na OCDE e ao 29% de media da UE22.

Para UGT, estes datos apuntan claramente á necesidade de modernizar o noso sistema de formación profesional adoptando as medidas necesarias para mellorar a súa empleabilidade, adaptación ao mercado de traballo, eficiencia, e a súa reputación entre a poboación nova. O noso país necesita aumentar a taxa de poboación con cualificacións medias, co obxectivo de mellorar a empleabilidade e equilibrar o noso sistema produtivo.

A Formación Profesional Dual é unha modalidade dentro da formación profesional que ten dúas vertentes: a primeira é a que se desenvolve dentro do sistema educativo, alternando a aprendizaxe en centros de formación e en empresas; a segunda é a actividade formativa inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe destinada á cualificación vía actividade laboral retribuída nas empresas.

Durante o curso 2017-2018 houbo 810.621 persoas matriculadas na primeira fórmula, e UGT considera que –coa segunda fórmula- poderían beneficiarse da Formación Profesional Dual preto de 1,8 millóns de mozos entre os 16 e 29 anos que agora non teñen cualificación profesional.

UGT VALORA A INICIATIVA APROBADA NO CONGRESO COMO O PRIMEIRO PASO DUNHA REFORMA DA LEI DE MEMORIA HISTÓRICA QUE DIGNIFIQUE ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores reclama ao Goberno medidas legais para o coñecemento da verdade, as exhumacións e a dignificación das vítimas da represión franquista e a reparación aos seus descendentes. Neste sentido, o sindicato considera que a iniciativa para a exhumación de Franco do Valle de los Caídos, aprobada no Congreso, supón un primeiro paso importante.

UGT lembra que o Real Decreto-lei 10/2018, do 24 de agosto, polo que se modifica a Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e establécense medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, supón que “no Valle de los Caídos só poderán xacer os restos mortais das persoas falecidas a consecuencia da Guerra Civil española...”.

O sindicato está a favor da dignificación das vítimas da Guerra Civil e da posterior represión franquista durante a Ditadura. Neste sentido, este Real Decreto-lei vai na dirección das recomendacións que se fan desde os distintos organismos de Dereitos Humanos e desde a Organización das Nacións Unidas.

O Valle de los Caídos non pode ser un lugar de exaltación do franquismo, polo que os restos do ditador Franco non teñen cabida nun lugar que tenta ser de reconciliación. A exhumación de Franco, derivada deste Real Decreto-lei, é un paso imprescindible para a dignificación do Valle de los Caídos.

Ademais, os restos de Jose Antonio Primo de Rivera terían que ter o mesmo tratamento que o resto de corpos alí enterrados. O sindicato considera inaceptable que teñan un lugar preeminente polo que supón de exaltación dunha determinada ideoloxía.

Para UGT, habería que reasignar



a función do Valle de los Caídos para convertelo nun espazo para a Memoria Histórica sen ningunha significación relixiosa.

Medidas a abordar

Ademais, o sindicato reclama, recoñecendo o avance que supón este Real Decreto-lei, que o Goberno aborde lexislativamente as seguintes problemáticas:

A nulidade das resolucións xudiciais franquistas producidas por razóns políticas ou ideolóxicas.

A procura das fosas de forma que sexa o Estado quen lidere a procura de desaparecidos.

A creación dun censo co relato para cada unha das vítimas.

A procura dos nenos desaparecidos durante a Guerra Civil e o franquismo. Neste sentido, sería de gran utilidade a creación dun Banco Nacional de ADN.

A constitución dunha Comisión Técnica de Memoria a nivel do Estado para facer un censo de lugares de memoria (fosas comúns e lugares de feitos relevantes).

A creación da Comisión da Ver-

dade a nivel do Estado para elaborar un informe con recomendacións, de forma que se oficialice o relato da Memoria Histórica. Ademais do carácter simbólico, este relato debería chegar ao deseño curricular da educación nos centros de ensino.

A constitución dun Consello de Memoria Histórica, onde estarían representadas as asociacións memorialistas.

A accesibilidade dos arquivos históricos.

A devolución dos bens incautados a particulares como represalia tras a Guerra Civil.

O recoñecemento explícito do acoso sufrido polas mulleres durante a Guerra Civil e as represalias sufridas durante a ditadura franquista.

A retirada de toda a simboloxía do franquismo e honras e distincións dadas. Ademais, tamén se insta a que se ilegalicen as asociacións que fan apoloxía do franquismo.

A pesar dos anos transcorridos, é necesaria a reivindicación da verdade do ocorrido, a exhumación e a dignificación das vítimas da represión franquista e a reparación aos seus descendentes polos danos sufridos.